

Bases legais da promoción “BBVA & Kindle”

CONDICIÓN DA PROMOCIÓN

A entidade mercantil BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S. A., con domicilio en Bilbao, Plaza de San Nicolás n.º 4, e provista do CIF n.º A48265169 (de agora en diante, “BBVA”) organiza a presente promoción denominada “BBVA & Kindle” (de agora en diante, a “Promoción”), que se rexerá polas seguintes bases legais (de agora en diante, as “Bases Legais”).

1. En que consiste a Promoción?

A Promoción ten por obxecto incentivar a alta de clientes por Internet, así como a primeira compra coa tarxeta Aqua Débito (de agora en diante, a “Tarxeta”) dos clientes que se desen de alta no BBVA a través de www.bbva.es, m.bbva.es ou das aplicacións móbiles do BBVA (para sistemas operativos Android e iOS).

Os clientes que realicen unha compra coa Tarxeta e cumpran o resto dos requisitos da Promoción indicados no apartado 5 das Bases Legais poderán participar na Promoción e obterán, a través do correo electrónico, un cupón que poderán trocar por:

- Lector de libros electrónicos ‘Kindle, agora con luz frontal integrada’ (Referencia B07FQ4XCR1), para trocar exclusivamente en <https://www.amazon.es/kindle-ahora-con-luz-frontal-integrada-negro/dp/B07FQ4XCR1/>

O cupón:

- Só pode ser utilizado en www.amazon.es para o produto indicado e só ata 31 de marzo de 2023.
- Só se pode utilizar unha (1) vez e non se pode usar en pedidos anteriores nin en combinación con outras ofertas.
- Está suxeito a dispoñibilidade e pode ser retirado ou modificado sen aviso previo.
- Non é reembolsable e non se pode trocar por diñeiro en efectivo ou cheques regalo.
- Non inclúe os gastos de envío do lector de libros electrónicos “Kindle”. Os gastos de envío aplicaranse a cada artigo segundo as tarifas e políticas de entrega estándar de Amazon.

Ademais, os clientes que participen na Promoción poderán rexistrarse en Kindle Unlimited para obteren polo menos 30 días de proba gratuíta. Aplícanse os **termos e condicións de Kindle Unlimited**.

O período gratuíto da subscrición a Kindle Unlimited só se aplicará no caso de que transcorrese máis dun ano desde o último período gratuíto durante o cal dispuxeses deste servizo, segundo os **termos e condicións de Kindle Unlimited**.

A subscrición a Kindle Unlimited é mensual e automaticamente renovable. Por tanto, ao final da proba gratuíta renovarase o servizo coa tarifa habitual, que se cargará na tarxeta rexistrada na conta Amazon do cliente. En caso de queres cancelar a subscrición a



Kindle Unlimited ao final da proba gratuíta, poderás facelo en www.amazon.es/kucentral.

O BBVA non se fai responsable dos cambios que poidan sufrir os prezos de Amazon tras finalizar o período de proba.

A Promoción é exclusiva do BBVA e non é acumulable a outras ofertas ou descontos en curso tanto do BBVA como de Amazon.

2. A quen está dirixida a Promoción?

A Promoción está destinada a persoas físicas maiores de 59 anos na data de contratación da Conta Va Contigo Sénior, residentes en territorio español, que non sexan clientes do BBVA, previa adhesión ás Bases Legais.

3. Quen está excluído de participar na Promoción?

Quedan excluídas de participar na Promoción as persoas físicas que xa sexan clientes do BBVA na data de inicio da Promoción ou que fosen clientes durante os seis meses anteriores. Tampouco poderán participar na Promoción aquelas persoas físicas que na data de inicio da Promoción teñan a condición de debedoras fronte ao BBVA respecto dunha débeda vencida, líquida e esixible.

4. Canto dura a Promoción?

O prazo durante o cal podes participar na Promoción dará comezo o día 1 de xuño de 2022 ás 00:00 horas (hora peninsular española) e finalizará o día 31 de decembro de 2022 ás 23:59 horas (hora peninsular española), ambos incluídos (de agora en diante, o "Período de Vixencia").

5. Que requisitos debes cumprir para participar e beneficiarte da Promoción?

Para participar na Promoción debes subscribir estas bases legais que a regulan e realizar as seguintes actuacións:

- Contratar a Conta Va Contigo Sénior e a tarxeta de débito Aqua.
- Activar a Tarxeta.
- Realizar unha compra coa Tarxeta no prazo máximo de tres meses desde a data en que te deches de alta como cliente no BBVA.

Disporás dun prazo máximo de tres (3) meses desde a alta no BBVA para cumprir as condicións. Se transcorrido ese prazo non se cumpren os requisitos, a Promoción quedará cancelada.

6. Cando recibirás o cupón?

Así que realices unha compra coa Tarxeta no prazo indicado e cumpras cos requisitos detallados no apartado 5 das Bases Legais, non máis tarde do prazo dunha semana recibirás un correo electrónico co cupón asociado á Promoción para que poidas obter os beneficios mencionados no apartado 1.

7. Como se acciona a Promoción?

Tras recibires o correo electrónico que contén o código promocional:

- Preme na seguinte ligazón de amazon.es para encontrar o teu Kindle: 'Kindle, agora con luz frontal integrada' <https://www.amazon.es/kindle-ahora-con-luz-frontal-integrada-negro/dp/B07FQ4XCR1/>

- Escolle a cor que prefiras (segundo dispoñibilidade), engádeao á cesta e fai clic en "Tramitar o teu pedido".
- Inicia sesión na túa conta de usuario Amazon ou, se non estás rexistrado, crea unha conta.
- Selecciona un enderezo de envío e escolle o método de envío que máis che conveña. A Promoción non inclúe os gastos de envío. Se o custo total dos produtos que compras supera o valor da Promoción, deberás pagar a diferenza.
- Na páxina de confirmación, ingresa e valida o código promocional "promo code" (ex.: ABC1-AB5RST-ZYG5BG) recibido por correo electrónico na sección de "Cheques regalo ou códigos promocións". Non poderás aplicar o código promocional se usas o método de compra nun clic. Para información máis detallada consulta os termos e condicións dos cupóns de desconto de Amazon (<https://www.amazon.es/gp/help/customer/display.html?nodeId=G3P6JPEKUN2HQHHR>).
- Revisa o teu pedido e preme en "Comprar agora".

As **condicións de uso e venda de Amazon.es** aplicaranse á túa compra en Amazon.es. Todos os termos que se encontran [aquí](#) aplicaranse á túa compra e uso do 'Kindle, agora con luz frontal integrada'.

Ademais, poderás rexistrarte para acceder á proba gratuíta de Kindle Unlimited seguindo os pasos do correo electrónico que recibirás desde Amazon tras recibires o dispositivo.

A Promoción non será susceptible de cambio, alteración ou compensación.

Amazon, Kindle, Echo, Alexa, Dash, Fire e todos os logotipos relacionados son marcas comerciais de Amazon.com, Inc ou das súas filiais.

8. Que supón a aceptación das Bases Legais?

A participación na Promoción implica a aceptación das Bases Legais, o que supón a plena conformidade co estipulado nelas. Como participante, deberás seguir as instrucións que puidese cursar, se é o caso, o BBVA.

O BBVA resérvase o dereito de desqualificarte, segundo o seu criterio, se manipulas, intentas manipular a Promoción ou incumpres calquera dos termos e condicións das Bases Legais.

O BBVA poderá adoptar as decisións necesarias para a resolución daquelas controversias e conflitos que xurdan no desenvolvemento da Promoción, sempre que estas non te prexudiquen indebidamente e resulten equitativas.

No suposto de non cumprires as condicións de participación aplicables, ou de non cumprires con todos os requisitos establecidos nas Bases Legais, non terás dereito a beneficiarte da Promoción nos termos establecidos nelas.

9. Que acontece en caso de incumprires as condicións da Promoción?

No suposto de incumprires calquera das condicións establecidas nas Bases Legais, incluídas as obrigas que permanezan viventes tras a entrega do cupón nos termos previstos nelas, non poderás participar na Promoción e, en caso de que recibires e trocases o cupón, terás a obriga de devolver o importe correspondente ao BBVA. O BBVA comunicará a túa desqualificación e, no prazo indicado na correspondente comunicación, indicaráseche a maneira de procederes para devolver o importe dos códigos utilizados.

A comunicación por incumprimento serache enviada por correo electrónico ao enderezo electrónico que indicases no proceso de alta de cliente no BBVA nos seguintes seis (6) meses contados desde a data de incumprimento dalgunhas das condicións antes descritas ou desde a data en que, se é o caso, o BBVA tivo coñecemento do incumprimento.

10. Que acontece en caso de fraude?

En caso de que o BBVA ou calquera entidade que estea ligada profesionalmente á Promoción detecten calquera anomalía ou sospeiten que estás a impedir o normal desenvolvemento desta, poderá de forma unilateral eliminar a túa intervención na Promoción. Con esta

finalidade, o BBVA habilitará os necesarios soportes tecnolóxicos para detectar unha posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa que pretenda alterar a participación co obxectivo de lograr a recepción do código promocional de forma ilícita ou tramposa. Polo tanto, o BBVA resérvase o dereito de eliminar a túa participación na Promoción se ten evidencia ou sospeita fundada dunha actuación irregular nese sentido.

11. Cal é o período de reclamación?

O período de reclamación da Promoción finaliza o día 31 de decembro de 2022.

12. Que tratamento se dará aos teus datos de carácter persoal?

O participante fica informado de que os datos persoais que se faciliten con motivo da participación na Promoción serán obxecto de tratamento por parte do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S. A., con domicilio na Plaza de San Nicolás 4, 48005, Bilbao, coa única finalidade de poder levar a cabo a organización, control e seguimento da Promoción e para a entrega do código promocional.

Os datos persoais serán tratados de acordo co disposto na normativa aplicable en materia de protección de datos persoais e servizos da sociedade da información, polo tanto, gardaranse as medidas técnicas, organizativas e de seguridade necesarias para garantir a confidencialidade destes e para evitar a súa alteración, perda e tratamento ou acceso non autorizados.

O BBVA informa os participantes do seguinte:

- Os datos persoais serán conservados durante a vixencia da relación contractual e, unha vez transcorrida esta, suprimiranse, aínda que se manterán bloqueados os que sexan necesarios para cumprir coas obrigas legais durante os prazos legalmente establecidos.
- Non vai comunicar os datos persoais a terceiros, salvo que esteamos obrigados por unha lei ou se conseguise o correspondente consentimento.
- A base de lexitimación para o tratamento dos datos persoais é o consentimento prestado para participar na Promoción.
- Os participantes poderán exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade mediante comunicación dirixida a derechosprotecciondatos@bbva.com. O exercicio destes dereitos non terá carácter retroactivo. A cancelación dos datos necesarios para a xestión da Promoción suporá a baixa automática da Promoción.
- En caso de que un participante considere que os seus datos persoais non foron tratados segundo a normativa, pode contactar co Delegado de Protección de Datos do Grupo BBVA no enderezo dpogrupobbva@bbva.com. Non obstante, poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

13. Que fiscalidade ten a Promoción?

A entrega do cupón podería ter implicacións fiscais, polo tanto, deberás telo en conta na declaración da renda. En caso de dúbida, consulta co teu asesor fiscal.

14. Cal é a responsabilidade do BBVA na Promoción?

O BBVA non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros ou a Internet que puidesen afectar á túa participación na Promoción.

O BBVA resérvase o dereito de anular calquera participación ou calquera participante en caso de haber sospeitas dunha manipulación ou fraude da Promoción.



Así mesmo, o BBVA exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos participantes e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e perdas de toda natureza que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario en calquera clase de comunicación realizada.

O BBVA non será responsable ante o participante de calquera controversia que poida ter este con Amazon respecto dos produtos ou servizos contratados.

15. Onde podes consultar as Bases Legais?

Podes consultar as Bases Legais en calquera momento durante o Período de Vixencia en www.bbva.es/gl/general/informes-legales.html#bases-legales.

O BBVA pode modificar, cancelar ou suspender a Promoción debido a causas de forza maior alleas ao seu control e comprométese a informarte desa circunstancia o máis axiña posible mediante a publicación no web do BBVA ou, se é o caso, a través de correo electrónico ou calquera medio de comunicación válido, no caso de que xa te deses de alta como cliente e contratases a Conta e a Tarxeta.

En caso de que calquera cláusula das Bases Legais sexa declarada nula ou inválida, seguirán en vigor as restantes cláusulas non afectadas por ela.

16. Lexislación e foro

Para calquera controversia aplicarase a lexislación española ante os xulgados e tribunais do domicilio do participante.

Madrid, 1 de xuño de 2022.